

del gallego común de Ricardo Carvalho Calero

Some observations on the Gramática elemental del gallego común by Ricardo Carvalho Calero

Xosé Manuel SÁNCHEZ REI

Universidade da Coruña
sanrei@udc.es

[Recibido, decembro 2007; aceptado, febreiro 2008]

RESUMO

O artigo contén algunhas reflexións á volta das características e da transcendencia que tivo no seu momento a *Gramática elemental del gallego común*, de Ricardo Carvalho Calero, un traballo que contribuíu poderosamente para dar a coñecer a nosa lingua no ámbito académico e que, durante moito tempo, foi a obra de referencia nos estudos sobre lingüística galega.

PALABRAS CHAVE: Gramática, lingua galega.

SÁNCHEZ REI, X. M. (2008): “Algunhas observacións sobre a *Gramática elemental del gallego común* de Ricardo Carvalho Calero”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 101-112.

RESUMEN

El artículo contiene algunas reflexiones sobre las características y la transcendencia que tuvo en su momento la *Gramática elemental del gallego común*, de Ricardo Carvalho Calero, un trabajo que contribuyó poderosamente a dar a conocer la lengua gallega en el ámbito académico y que, durante mucho tiempo, fue la obra de referencia en los estudios sobre lingüística gallega.

PALABRAS CLAVE: Gramática, lengua gallega.

SÁNCHEZ REI, X. M. (2008): “Algunas observaciones sobre la *Gramática elemental del gallego común* de Ricardo Carvalho Calero”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 101-112.

ABSTRACT

This article contains a series of reflections concerning the characteristics and enormous importance which, at a particular time, was held by the *Gramática elemental del gallego común*, by Ricardo Carvalho Calero, a work which was greatly influential in spreading the Galician language throughout the academic world and which, for many years, was by far and away the main reference work for all studies in Galician linguistics.

KEY WORDS: Grammar, Galician grammar.

SÁNCHEZ REI, X. M. (2008): “Some observations on the *Gramática elemental del gallego común* by Ricardo Carvalho Calero”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 101-112.

SUMARIO: 1. Introducción. 2. A gramática no marco dos estudos lingüísticos de Carvalho Calero. 3. O contexto epistemolóxico: unha tradición recente e escasa. 4. A omnipresenza do español como referencia. 5. Vontade prescritiva. 6. Información de carácter dialectal. 7. A autoridade da literatura. 8. Presenza de temáticas secundarias. 9. A vontade de reintegración do galego no espazo lusófono. 10. Conclusións. 11. Referencias bibliográficas.

1. INTRODUCCIÓN

Durante os días 16, 17 e 18 de xaneiro de 2008, os Comités Abertos de Facultade (CAF), organización decana no movemento estudantil universitario galego, fixeron posíbel que na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña se celebrase un evento dedicado á figura de Ricardo Carvalho Calero, intitulado *I Xornadas Lingua, Literatura e Nación: Carvalho Calero*. Non é a primeira vez que se aborda a poliédrica figura do escritor e humanista ferrolán, e, de feito, esa mesma facultade xa acolleu un simposio consagrado a tan invulgar polígrafo coa subsecuente publicación de actas (López / Salinas 2002)¹. Con todo, a recuperación e a xusta dignificación de figuras fundamentais da Galiza contemporánea é labor que aínda non concluíu, e Carvalho Calero corresponde, sen dúbida ningunha, a un deses vultos negados, reprobados e esquecidos desde a oficialidade ou, no mellor dos casos, secundarizados. Por todo isto, merece todos os parabéns esa iniciativa dos CAF, pois supón, en primeiro lugar, máis un gran de area no proceso de (re)coñecemento deste autor; e, en segundo lugar, significou, outrosí, un rotundo suceso, pois unha matrícula de máis de 250 sinaturas, que foi a que tiveron as xornadas anteditas, vira claro sinónimo dun grande éxito de convocatoria e de interese suscitado.

Ao longo deses tres días, pois, diversas persoas viñeron ocupándose de diferentes facetas do prolífico autor: o seu compromiso co país e coa lingua, a súa notabilísima obra literaria, a súa filosofía sobre os camiños que debe seguir o galego para o seu reencontro necesario co portugués etc. Neste sentido, unha das sesións dedicouse ás características e ao valor da súa *Gramática elemental del gallego común*, que foi, durante moito tempo, unha ferramenta básica para a aprendizaxe ou o perfeccionamento da lingua. Obviamente, trátase dunha obra superada polos contributos máis recentes e faltariamos á veracidade se dixésemos que todo o que figura nela resulta hoxe en día asumíbel². Porén, sabéndomola contextualizar

e situar nunhas determinadas coordenadas sociais, históricas e políticas, observaremos que, como produto ao servizo da lingua, se converte nun traballo moito máis plausíbel do que cuestionábel. Coas evidentes modificacións e adaptacións a un medio de difusión diferente, as reflexións en voz alta que fixemos nesas *I Xornadas* dos CAF encetando o ano 2008 constitúen a base destoutas que expomos agora; no seu conxunto, tanto aquelas, orais, como as presentes, escritas, responden ás nosas impresións persoais sobre o valor da gramática de Carvalho Calero e así queríamos que fosen entendidas.

2. A GRAMÁTICA NO MARCO DOS ESTUDOS LINGÜÍSTICOS DE CARVALHO CALERO

Como é sabido, Carvalho Calero cultivou todos os xéneros literarios cuns resultados certamente brillantes: a narrativa, o teatro, a poesía, o ensaio etc. Non é finalidade destas páxinas renderen tributo a ese vario e fértil cultivo, labor para o cal remitimos a obras e estudos especializados, cal o traballo de Montero Santalha (1993) ou a edición de López/Salinas (2002), mais si queremos comezar esta exposición facendo fincapé na tipoloxía de traballos lingüísticos de que o noso autor é responsábel³. A nos basearmos en Montero Santalha (2000) e en Mariño Paz (2002), podemos distinguir un primeiro grupo, que sería aquel enformado por artigos e traballos sobre lingüística e sociolingüística galega aparecidos en diversas publicacións e rotativos, cal é o caso de cabeceiras como *A Nosa Terra, Agália, Grial, Verba, La Voz de Galicia* etc.; a maior parte deses opúsculos, uns dunha natureza fundamentalmente divulgativa, outros dun carácter máis académico, áchase compilada en diversas obras que saíron do prelo na década dos 80 e 90 do pasado século (*Problemas da lingua galega, Do Galego e da Galiza, Umha voz na Galiza* etc.), aínda que nestas compilacións, hoxe clási-

¹ Certamente, son diversas as publicacións colectivas consagradas, desde diferentes perspectivas, á obra e á vida de Ricardo Carvalho Calero. Mesmo con finalidades diferentes e organizadas por entidades igualmente distintas, resultan de consulta obrigada, por exemplo, as edicións de VV.AA. (1991), Henríquez Salido (1992), Tato Fontaiña (2000) ou Rodríguez (2002).

² Véxase, neste sentido, algúns dos matices que sinala Mariño Paz (2002: 77) referidos ao emprego de determinadas formas pronominais átonas.

³ Non é o noso obxectivo nestas páxinas ofrecermos unha panorámica xeral dos diversos traballos de Carvalho Calero centrados en temática lingüística ou filolóxica. Remitimos, para este labor, ao exposto en Montero Santalha (1993: 211-283), aínda que se trata dunha relación de contributos non exclusivamente consagrados á lingüística e á filoloxía. Tamén resulta de utilidade o sinalado en Montero Santalha (2000: 7-14), así como as referencias incluídas en Mariño Paz (2002: 100-103).

cas, se encontran contributos non estritamente de natureza lingüística.

O segundo conxunto de estudos que debemos referenciar aquí é o dos traballos en que se tratan as singularidades lingüísticas de autoras e de autores contemporáneos da literatura galega. Magnífico coñecedor, como era, da produción literaria en galego dos séculos XIX e XX, non é de estrañar que consagrara parte do seu interese investigador a analizar a morfosintaxe e o léxico dos diálogos e tertulias composteláns de comezos do século XIX, da lingua de Rosalía de Castro etc. Temos de ter presente, a este respecto, que xa a súa monumental *Historia da literatura galega contemporánea* acrecenta, ás veces, preciosas informacións de índole gramatical e lexical sobre os textos e as personalidades nelas estudadas; é o caso, por exemplo, das páxinas dedicadas á lingua de Rosalía (Carballo Calero 1981: 228-232), de Pondal (1981: 310-313), de Curros (1981: 385-390) etc.

Finalmente, a *Gramática elemental del gallego común* (1979)⁴ constitúe a terceira das singularizacións que queríamos ponderar. Feita, segundo declaracións do propio autor, por unha encomenda da editora Galaxia (Blanco 1989: 179), foi pensada para un público fundamentalmente universitario, pois non debemos esquecer que nos anos finais da década dos 60 e no seguinte decenio o galego comezou a ser leccionado nas salas académicas da universidade compostelá. A obra, que chegou a ter sete edicións, foi modificándose e mudando conforme avanzaban os tempos e segundo a reflexión lingüística sobre a lingua ía tamén avanzando, segundo sinala Mariño Paz (2002: 78), e serviu como ferramenta fundamental para varias xeracións de estudantes (embora non só) que quixeron aproximarse á lingua ou mesmo aprofundaren no seu funcionamento. Nas páxinas que seguen, imos salientar algunhas súas características, sempre as pondo en relación co contexto social e histórico e coa tradición gramatical galega, de que a obra de Carvalho Calero fai parte.

3. O CONTEXTO EPISTEMOLÓXICO: UNHA TRADICIÓN RECENTE E ESCASA

Quizais a primeira cuestión que pague a pena sinalarmos é o percurso e a situación dos estudos

de lingüística galega na Idade Contemporánea. Como xa expuxemos en Sánchez Rei (2005: 95-100), o galego non puido contar con gramáticas até ao outono decimonónico, cunha demora, por tanto, de máis de trescentos anos relativamente ao portugués, francés, italiano ou español. Coincidindo, pois, co Rexurdimento, aparecen diversos traballos, de moito desigual valía científica, aínda que o máis relevante é sen dúbida o contributo de Saco Arce (1868): a gramática de referencia durante o século XIX e mesmo durante unha boa parte da centuria seguinte foi o traballo deste clérigo ourensán, xa que tanto as persoas interesadas no noso idioma naturais da Galiza como as nadas doutras partes do mundo manexaron e, en moitos casos, asumiron o que nesa obra se indicaba. Así as cousas, Joseph Cornu, José de Santiago Gómez, Pérez Ballesteros, Manuel Lugrís Freire etc. renderon necesaria preitesía a unha gramática que serviu para dar a coñecer o galego dentro e fóra dos límites administrativos da Galiza.

Mais, se no Rexurdimento é fundamental a gramática de Saco Arce, nos anos finais do século XX imos verificar que resulta de vital transcendencia a obra de Carvalho Calero, que foi a referencia básica até o aparecemento doutros traballos posteriores: diversas recensións aparecidas, por un lado, e unha consulta obrigada en varias obras académicas, por outro, parecen asentar a idea de que o contributo do autor ferrolán axiña se converteu no manancial de que beberon non poucos autores e autoras. Partilla este contributo cos títulos da tradición gramatical galega, tamén, a súa débeda co momento histórico e político, factor que está detrás do aparecemento deses textos e que semella encaixalos en varias épocas:

- 1 Conforme dixemos, a primeira etapa coincide co Rexurdimento, o momento en que abrocha con forza o movemento de rexeneración nacional; non parece que sexa por un acaso, pois, que nesta época se redixisen as gramáticas de Mirás (1864), Cuveiro Piñol (1868), Saco Arce (1868) e Valladares (1890, publicada en 1970).
2. Deixando de lado o contributo de García de Diego (1909), a segunda época corresponde ao momento das Irmandades da Fala, do Grupo Nós, da fundación do Partido Galeguista, da elaboración do Estatuto

⁴ Citaremos sempre por esta edición, agás naqueles casos en que fixermos comparacións con outras anteriores. Para non reiterarmos cansativamente os apelidos nesas citacións, só empregaremos a referencia cronolóxica.

de Autonomía para o país etc. Saen do prelo nestes anos, pois, os traballos de Santiago Gómez (1918), de R. A. (1919), de Lugrís Freire (1922 e 1931) ou de Couceiro Freixomil (1935), todos eles, porén, moito inferiores en termos de coñecemento da materia con relación á obra de Saco Arce.

3. Após o golpe de estado do ano 1936 e posterior Guerra Civil, unha violenta maré negra vai proxectarse sobre o Estado español e, naturalmente, tamén sobre a Galiza; deste xeito, só se voltarán a publicar tratados gramaticais para o galego cando ese pétreo rexime deixe penetrar, timidamente, algúns mínimos ares de tolerancia: é o momento da terceira época, en que é publicada a obra que nos ocupa, cunha primeira edición en 1966 e cunha derradeira, a sétima, en 1979; tamén Carré Alvarellos (1967) contribúe cunha gramática, embora non tardase en ser devagariño esquecida pola sombra do traballo de Carvalho Calero.
4. Finalmente, nos tempos en que, desaparecida xa a figura do ditador, o galego é materia de estudo no ensino público, tornan a se publicar dúas representativas obras, cal é o caso de Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986) e de Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988). Aínda nesta época de monarquía parlamentar, os últimos contributos dados ao prelo son, por un lado a voluminosa e completa obra de Freixeiro Mato, que xa vai pola segunda edición (2006a), e unha gramática máis resumida, do mesmo autor, que sae en 2001 e que xa vai tamén na segunda edición (Freixeiro Mato 2006b). En 2002 dáse a lume a obra de Álvarez / Xove e tamén nos primordios do novo milenio saíron do prelo os traballos de Hermida (2004) e Feixó (2004).

Como vemos, todas as obras, en maior ou en menor medida, son debedoras do contexto do seu tempo no sentido en que son publicadas en épocas caracterizadas quer por unha relativa tolerancia cara ao idioma galego, quer porque as salas do ensino así o demandaban (ou inclusive por unha combinación de ambos os factores). O traballo do humanista ferrolán, pois, enmárcase nesa liña de “consentimento” institucional, por un lado, e de necesidades académicas, por outro.

4. A OMNIPRESENZA DO ESPAÑOL COMO REFERENCIA

Máis un trazo que caracteriza a tradición gramatical feita para o galego é o seu profundo carácter diglósico, circunstancia que pode verificarse en dous aspectos: en primeiro lugar, o idioma en que se redixen os traballos, que, agás as excepcións de R. A. (1919) e de Lugrís (1931), non foi o galego até á gramática de Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986). E en segundo lugar, a diglosia tamén se patentea no sentido de o español ser a lingua de referencia, o modelo contrastivo, o idioma con que se fan as comparacións; deste modo, pois, non resulta raro que as diverxencias entre esa lingua e a nosa sexan adoitado as proxectadas e as comentadas nos textos, de tal forma que as coincidentes non son comunmente tratadas. Na realidade, a primeira obra en que se dialoga constantemente cos diferentes estudos lingüísticos, filolóxicos e gramaticais é o traballo de Freixeiro Mato (2006a), en que, nun abondoso sistema de citación a rodapé, o autor vai expondo diversas opinións, contrastes, exemplos e argumentos á volta dos temas que vai desenvolvendo.

A *Gramática elemental* de Carvalho Calero non puido, por tanto, fuxir dese ton diglósico. Foi redixida en español, o cal foi explicado polo propio autor no sentido en que as persoas usuarias dese traballo coñecían ou tiñan ese idioma como lingua normal, escolar ou vehicular. A este respecto, Mariño Paz (2002: 77) pondera atinadamente que tales criterios didácticos determinaron en boa medida esa decisión, mais tamén non “se poden ignora-las limitacións que impoñía o sistema político imperante ata 1975”. O segundo aspecto, o feito de que a lingua de referencia sexa o español, evidénciase ao longo do texto con lle só deitarmos unha rápida ollada. Os seguintes excertos ilustran ben ás claras esta situación; o primeiro, a tratar do sistema fonolóxico do galego, asenta a idea das súas semellanzas coa na altura única lingua oficial, só salientando aquelas unidades fónicas non coincidentes con esta:

El sistema fonológico del gallego moderno no difiere grandemente del español oficial. Las principales diferencias radican en el valor fonemático de *e* y *o* abiertas o cerradas, al menos en posición tónica; en el de la *n* velar intervocálica de *unha* y sus derivados, y en la existencia de una palatal fricativa sorda (*x*) que el castellano ha perdido (1979: 103).

Eis o segundo exemplo: continuando a falar das vogais galegas, pon en relevo o feito de que no español hai tamén unidades vocálicas medias abertas, aínda que sen valor fonoloxicamente pertinente, pois son unicamente alofonías e non fonemas:

En castellano la *e* y la *o* pueden ser también abiertas o cerradas, pero este hecho no afecta al significado de la palabra, pues no produce diferenciación semántica. En gallego, en cambio, hay oposición correlativa, por lo que el timbre de las vocales citadas forma parte del sistema fonológico de la lengua (1979: 114).

5. VONTADE PRESCRITIVA

Entre os estudos consagrados á gramática, vén sendo costume distinguirmos, entre outras diversas clasificacións, aqueles tratados nomeadamente descritivos e aqueloutros que, non se cinxindo en exclusiva a faceren unha descrición dun aspecto da lingua ou da gramática, orientan o uso, fan recomendacións entre o que resulta adecuado ou inacaído e escolman, entre solucións diferentes, cal ten de ser escollida preferencialmente para a variedade estandarizada. Certamente, responde á división entre lingüística descritiva e lingüística prescritiva, a seren ambas necesarias e até sendo aquela prelude necesario para esta. A lingua galega, afastada secularmente de organismos académicos ou universitarios, proscrita pola administración centralista no seu propio territorio, evoluiu libremente durante moito tempo. Velaquí onde nace a ansia, percibida xa desde as primeiras gramáticas do século XIX, de dotar o idioma dunhas indicacións que regrasen, dalgunha maneira, o seu uso, e en especial na variedade escrita; non será casual, por exemplo, que Saco Arce (1868: 32), quen se declaraba, talvez pola súa procedencia ourensá, partidario do que era (e aínda hoxe é) habitual na súa rexión no referente á formación do plural das palabras terminadas en *-n*, preferise os resultados da súa área dialectal: “La combinación *ns* no es sin embargo muy eufónica, y no convendrá prodigarla. El gallego, por punto general, la repugna”. E tamén non será produto do acaso, por exemplo, que Lugrís Freire (1931: 98) notase certa caste de influencias do español nas construcións reflexivas:

Empréganse en galego como intransitivos, en vez da forma reflexiva, os verbos cando a súa acción se refere ao suxeto, v. g.: “O reló xa *parou*”.

“O fidalgo de Pazos xa *emprobeceu*”. “A roupa xa *enxoitou*”. E non debera dicirse: “O fidalgo xa se *emprobeceu*”. “O reló xa se *parou*”.

Se a vontade normativa estivo máis ou menos presente en toda a tradición gramatical galega, esa tendencia prescritiva tamén se vai detectar na *Gramática elemental del gallego común*, sobre todo a termos en conta a necesidade, na época, de o galego posuír esa variedade estandarizada para a súa utilización na literatura e nas salas do ensino, onde timidamente comezaba a chegar. O propio título, *...del gallego común*, sinala que o obxecto de reflexión aspira a ser non máis unha variedade, mais unha modalidade que estivese por riba das diferentes falas, estilos ou rexistros; neste sentido, xa Montero Santalha (2000: 11) sinalou que a preocupación de Carvalho Calero pola lingüística normativa, para alén de se verificar na súa participación na elaboración das normas académicas e nas da Xunta, se pode corroborar na “maior parte da *Gramática*”. Mais debemos notar que esa lingua padrón, con todo, non debía impedir que as variantes locais puidesen contribuír eficazmente para a expresividade do idioma, como moito ben declarou o noso autor:

Se hace, pues, necesario un gallego normativo que permita al profesor orientar sus enseñanzas, y al escritor resolver sus problemas de comunicación con el público, con un mínimo de coherencia. Esto no obsta para que las hablas locales y la literatura dialectal se cultiven con una finalidad práctica o artística; pero es evidente que el esquema de un gallego ideal, fundado en la abstracción de las realidades del gallego, ha de formularse, por razones de eficacia cultural (1979: 48).

En xeral, no proceso de elaboración dunha variedade adecuada para todo o tipo de utilizacións e de contextos, as recorrencias ao portugués e á lingua medieval foron percibidas na época contemporánea como valiosísimas axudas para purificaren o galego, pois víanse como unhas modalidades de lingua sen a presión do español, ou, cando menos, cunha influencia nimia. É isto o que explica que autores como Florencio Vaamonde Lores, Ramón Otero Pedrayo, Rafael Dieste, Castelao e moitos outros percibisen esa preciosa axuda e que, subsecuentemente, acudisen a ela para enriqueceren lexical e semanticamente o galego, aínda que cunhas proporcións ben distintas ao compararmos uns autores con outros. Así pois, a orixe do principal pruído do galego oral, con algunhas penetracións na lingua-

xe literaria, apunta(ba) cara ao español, e, por este motivo, Carvalho Calero, consciente de que o idioma debía ser rexenerado, sinala tanto esta circunstanza como as súas eventuais solucións, que enlazan con ese sentir histórico do galeguismo e do nacionalismo: o recurso ao portugués, por un lado, e, por outro, as posibilidades da lingua medieval. O excerto a seguir, revelador canto a estes dous recursos, así o manifesta:

Entre la lengua hablada por el pueblo y la lengua de los escritores hay diferencias marcadas [...]. En su estado actual, el gallego rústico tiene que ser depurado y completado para convertirse en lengua literaria. Fuera de los castellanismos que se quieren excluir, sólo los arcaísmos y los portuguesismos pueden llenar las lagunas que se observan (1979: 77).

6. INFORMACIÓN DE CARÁCTER DIALECTAL

Nos anos sesenta e setenta, época en que van saíndo do prelo as diferentes edicións da gramática de Carvalho Calero, o estado da dialectoloxía galega podía considerarse incipiente, máxime a sabermos que é en finais do século XIX e nos inicios da centuria seguinte cando a Xeografía Lingüística comeza a se desenvolver na Europa⁵. Atrás ficaba a perspectiva sobre as variedades locais do galego de Saco Arce (1868: 231-234) e atrás tamén ficaban outras visións, como a de Pedreira (1913: 65, n. 1, e 79, n. 1), a de Santiago Gómez (1918: 267-272) e outros, tentativas, todas elas, de clasificaren as falas galegas, mais carentes de calquera rigor científico. Só Zamora Vicente (1986: 34), á volta dos anos corenta e cincuenta, principiara a se aproximar da realidade dialectal da lingua cunha base epistemolóxica superior. O propio Carvalho Calero, por súa vez, propuxera unha clasificación dialectal dos falares galegos, hoxe loxicamente mellorada, mais que neses tempos resultou ser a máis fiábel e completa de todas as existentes até esa época⁶.

As décadas de 60 e de 70, pois, asisten ao nacemento dun interese polas variedades rexionais da lingua esteado cunha base científica: no

marco da universidade compostelá van realizándose diversos traballos académicos, teses de licenciatura e teses de doutoramento que se ocupan de aprofundaren no variacionismo xeográfico da Galiza. Non é de estrañar, deste modo, que tales contributos fosen fornecendo diferente material desa índole á *Gramática*, en que, en ocasións, se incluían eses datos como aditamentos informativos. Aínda que, ás veces, a validez da información que se nos proporciona resulta desigual, podemos afirmar que, nesa época, o conxunto de coñecementos que se nos transmite posúe un inmenso valor, xa que, con maior ou con menor suceso, unha grande parte dos fenómenos dialectais máis destacábeis para o galego acha nas páxinas da *Gramática* un xeito de chegar ao eventual público interesado neses asuntos. En ocasións, as particularidades lingüísticas comentadas, case sempre no rodapé, centran o seu interese en fenómenos dunha área concreta, de dimensións medias ou pequenas; así pode verificarse coa rexión da Limia, comarca a que se dedica este comentario referido á orixe da conservación das sibilantes medievais e á pronuncia como [u] de o postónico final:

En la zona de la Limia (Orense), fronteriza con Portugal, Schneider registra una verdadera *-u* final al lado de casos con *-o*. Tal *-u*, como la consonantes sonoras *-ž-* y *-z-*, son portuguesismos. Son leonesismos análogos las *-u* del gallego oriental (1979: 112, n. 8).

Noutras ocasións, no entanto, a singularidade dialectal que se glosa non pertence a un territorio pequeno, mais abranxe amplas zonas. A falar da existencia de tritongos na lingua moderna, expón como na faixa oriental do dominio lingüístico se detectan plurais do tipo *traición / traiciois* ou como noutras partes do país o MNP de P5 vigora *-is* en vez do maioritario *-des*:

En el gallego oriental, donde los plurales de los nombres terminados en *-n* se forman elidiendo la *-n* y añadiendo el sufijo *-is*, aparece triptongo si la *-n* va precedida de diptongo. Así *traiciois* ‘traiciones’. También hay triptongos en el habla de Goyán [...] y en otras que han perdido la *-d-* en formas de

⁵ Para unha aproximación ao desenvolvemento dos estudos dedicados ao variacionismo xeográfico, véxase, entre outros traballos, Chambers / Trudgill (1994: 35-45). A demora no aparecemento de pesquisas rigorosas neste ámbito na Galiza é tamén sinalada por Mariño Paz (2002: 94), que fala das “grandes carencias da imprescindible investigación de campo que neste eido padecía o galego”.

⁶ Aínda que foi publicada noutros medios, con algunhas modificacións que non afectan a división en diversas modalidades rexionais pode verse tamén na súa gramática (1979: 78-84).

la conjugación como *averiguais*, a la manera del portugués y el castellano (1979: 125, n. 14).

Finalmente, non faltan casos en que Carvalho Calero se limita a dar conta da existencia de determinados fenómenos dialectais, mais sen indicar en que comarcas se atestan eses resultados singulares. Ocupándose da “vacilación vocálica”, sinala que as vogais átonas galegas son máis dadas a modificaren o seu timbre, co cal, na realidade, estamos diante dun variacionismo de tipo máis ben diastrático ou diafásico; as tónicas, non obstante, tamén presentan certa sorte de flutuacións, e é aquí onde o humanista e profesor sinala certos exemplos sen os adscribir xeograficamente:

Hay igualmente alternancias en caso de diptongo: *aira / eira* ‘era’ (sustantivo), *coitelo / cuitelo* ‘cuchillo’, *louro / loiro* ‘rubio’, *leudo / leido* ‘fermento’, *noite / noute* ‘noche’, *foula / feila* ‘harija’ (1979: 119).

7. A AUTORIDADE DA LITERATURA

No momento en que Carvalho Calero publica a súa gramática, os textos literarios constituían a máis sobranceira modalidade de galego escrito. Sen unha variedade padrón que contribuíse para a dignificación do idioma e para o prestixiar, a literatura cumpríu e mesmo continúa a desenvolver un labor fundamental no proceso de selección de preferencias morfolóxicas ou lexicais, mesmo coas súas subsecuentes repercusións na actualidade. Se a este panorama lle acrescentarmos o feito de que o polígrafo ferrolán era un grande coñecedor e estudioso da literatura galega contemporánea, non resultará difícil comprendermos que, ao longo da *Gramática elemental del gallego común*, vaian aparecendo ornamentacións referenciais á lingua dos autores e das autoras do século XIX e do XX, nomeadamente das grandes figuras.

Así as cousas, enlazando con esa vontade prescritiva de que antes falamos, acode ao galego medieval e ás poesías de Francisco Añón para

deixar claro que o xénero do nome substantivo *árbore* é feminino:

El uso como femenino de *arbre / árbol / árbore / árbol* halla apoyo en la tradición medieval [...]. La persistencia del femenino en el gallego moderno se refleja en Añón: *estragaban as árbores e froitas [...], as árbores e froitas que acá e alá se ven [...]* (1979: 161-162, n. 5).

Outro exemplo vénnos dado grazas á formación do plural das palabras terminadas en *-n*. Como é sabido, na faixa occidental do país documéntase un resultado do tipo *corazón / corazóns*, nas rexións centrais detéctase a solución *corazón / corazóns* e nas áreas do galego oriental óvese unha flexión como *corazón / corazois*. As tres están documentadas nos textos literarios contemporáneos⁷, nomeadamente as dúas primeiras, e van ser precisamente eses textos onde Carvalho Calero asente a súa preferencia para a variedade normativa⁸:

Ésta [o resultado *corazón / corazóns*] es la solución del gallego suroccidental, abonada por una brillante constelación de escritores, como Rosalía, Pondal, Castelao, Cabanillas, Manuel Antonio y Amado Carballo (1979: 167-168, n. 8).

Mais non todo aquilo documentado dialectalmente na escrita debe contar coa subsecuente promoción para a lingua común, xa que hai fenómenos que, mesmo a seren empregados por vultos da literatura nas súas obras, non precisan de sobardar esa documentación literaria. Tal é o caso do encontro da preposición *por* co artigo, que se resolve en *polo(s) / pola(s)* na maior parte das falas galegas, excepto nalgunhas rexións da actual provincia de Ourense e do sur da de Lugo⁹. Tal fenomenoloxía dialectal pode atestarse, entre outros, en Otero Pedrayo, e o polígrafo de Ferrol non hesita en citar a produción literaria do fidalgo de Trasalba para verificar ese particular resultado:

Algún escritor rehúsa esta asimilación. Así Otero Pedrayo escribe *por os vieiros da saudade*

⁷ Para un exemplario de casos provenientes de obras literarias, especialmente do século XIX, véxase o exposto en Freixeiro Mato / Sánchez Rei / Sanmartín Rei (2005: 271-272), onde se afirma mesmo que na “formación do plural dos substantivos acabados en *-n* aparecen as diferentes solucións dialectais [...], ás veces a alternaren nun mesmo autor”.

⁸ Cfr., sobre este particular, o exposto en NORMAS (2003: 76), en que, tamén se apelando ao uso literario da solución occidental, se proxecta esta para a variedade estandarizada, consagrándose deste modo o resultado que “xa viña sendo de uso en toda a tradición literaria e gramatical, con escolla a favor da forma demograficamente máis estendida”.

⁹ Véxase, a este respecto, o exposto nas NORMAS (2003: 84), en que se di que esa zona “non as conserva xa en ningún caso”. Cfr., igualmente, a súa distribución xeográfica en ILG (1995: 234-230).

‘por los caminos de la saudade’. Pero lo común es *polos*. El dialectal *por o*, etc., registrado por Saco, se oye, desde luego, en la Limia (1979: 186, n. 19).

Un derradeiro exemplo neste sentido corrobora como a literatura constitúe un magnífico campo de exploración para a constatación de determinadas casuísticas gramaticais, até para fenómenos ben pouco espallados no territorio. O xerundio flexionado (P4 *cantándomos* e P5 *cantándodes*)¹⁰, que xa resulta especialmente residual no sistema lingüístico galego-portugués, conta, porén, con algunha atestación na Galiza nos textos clásicos contemporáneos. Tal é o que acontece na obra de Castelao *Un ollo de vidro* e, tamén nesta ocasión, Carvalho Calero non dubida en acudir a ela para comprobar esa singular embora escasa utilización:

En portugués dialectal, el gerundio, a imitación del infinitivo personal, ha adquirido flexión: *en tu indos [...], en tu estandos [...], ganhándomos [...]*. El fenómeno no es desconocido en gallego, donde se cita un texto de Castelao, *voltándomos ao cimiterio*, y se oyen formaciones como *víndomos y séndodes* (1979: 209, n. 59).

8. PRESENZA DE TEMÁTICAS SECUNDARIAS

Unha das cousas que máis chama a atención ao público lector actual da nosa tradición gramatical, e mesmo ao alumnado que manexa esas obras ao principio das súas pesquisas, está directamente relacionada con determinados capítulos ou apartados que hoxe non costuman figurar neste tipo de traballos. De feito, a primeira gramática que non inclúe nada que non estea directamente relacionado coa descrición lingüística é o obra de Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986), que prescinde de certos aditamentos ou acrecentamentos tales como os nomes dos días da semana e dos meses do ano, certas escolmas literarias, vocabularios de diversa índole, tentativas de clasificación e referenciación dialectais etc., habituais nas obras anteriores.

É certo que existen na actualidade diferentes consideracións sobre que partes integran a gra-

mática e cales outras non pertencen ao seu obxecto de estudo. Neste sentido, a *Gramática* de Carvalho Calero incluíu un capítulo destinado á historia externa da lingua, ás súas variedades dialectais ou á súa (daquela) escasa bibliografía existente. Con efecto, pódese discutir (e consecuentemente concordar ou discordar) se nun manual desas características tales capítulos teñen cabida, e, subscribíndoos ou non os considerando, pódese tamén explicar polas circunstancias da xénese da obra, nuns momentos en que o galego comezaba a ser estudado con rigor e en que era preciso contar cunha obra actualizada que se non limitase unicamente a facer unha descrición do seu funcionamento fonético, fonolóxico ou morfosintáctico. Mais, ao fin e ao cabo, esas indicacións bibliográficas comentadas, a súa apreciación dos fenómenos máis salientábeis do variacionismo xeográfico no noso país ou mesmo esas orientacións para a historia da lingua están relacionadas co propio idioma, aínda que saibamos que constitúan outras disciplinas útiles no dominio da lingüística. No seguinte cadro poden observarse as diferenzas entre a primeira e a derradeira edición canto á dedicación a tales asuntos, diferenzas xa presentes desde a cuarta edición (1970):

Edición de 1966	Edición de 1979
V. Orientación bibliográfica (257-262).	I. Orientación bibliográfica (13-42). II. Generalidades (p. 43-100): 1. El gallego común. 2. Gallego y Latin. 3. Orígenes del gallego. 4. Fuentes lexicales distintas del latin. 5. Gallego y Portugués. 6. Gallego y castellano. 7. El gallego en el occidente ibérico. 8. La fragmentación lingüística del complejo occidental. 9. Gallego coloquial y gallego literario. 10. Modalidades del gallego. 11. Historia de la lengua.

Máis unha vez, ese carácter miscelánico é explicábel polas circunstancias históricas que determinaron a redacción e a preparación lingüísti-

¹⁰ Na verdade, o propio Carvalho Calero xa se ocupara desta particular forma verbal flexionada nalgún artigo específico e tamén, obviamente, na súa *Gramática*. Para un tratamento feito desde a actualidade, véxase o sinalado en Freixeiro Mato (2006a: 426-427), traballo en que se pondera o seu “limitadísimo emprego” mais en que tamén se indica que pode resultar de “rendibilidade estilística” se utilizado na súa xusta medida.

ca do autor, non se perpetuando nos nosos días. Na verdade, ao confrontarmos a obra de Carvalho Calero coa doutros autores do século XIX ou do XX, percíbese como van deixando de ser reflectidas partes como os días da semana en galego, vocabularios etc.¹¹, mais, con todo, non puido librarse desa inercia. Notemos que na maioría dos títulos parece que se pretende proporcionar, segundo o noso punto de vista, unha perspectiva do galego máis ampla para alén da estritamente lingüística, talvez coa vontade de ilustrar, exemplificar ou dignificar aquilo que se pretendía describir ou mesmo de prescribir certo léxico ou nomes propios erosionados pola presión do español.

9. A VONTADE DE REINTEGRACIÓN DO GALEGO NO ESPAZO LUSÓFONO

Segundo é sabido, Carvalho Calero, desde finais da década de 70 e até á súa morte, foi desenvolvendo o seu ideario reintegracionista, que se acha, a día de hoxe, ben explícito en diversos traballos e colectáneas de artigos. Quizais sexa este un dos asuntos máis polémicos que rodean a súa figura, tanto polo silenciamento oficial a que foi sometido após a súa xubilación como catedrático de universidade, canto polo propio tema en si mesmo, pois nel verificase unha coherente evolución do seu pensamento cara á filosofía lingüística dos que acreditan (e acreditamos) na elemental unidade lingüística entre galego e portugués, facéndose eco, así, do pensamento galeguista e nacionalista dos séculos XIX e XX¹². Obviamente, non parece ser este o lugar máis acaído para reflectirmos sobre a tal temática, mais si o semella ser,

no entanto, para constatar a evolución na preferencialidade que se concede a diversas solucións morfolóxicas ao longo das edicións da súa gramática. Falan por si propias, a este respecto, as seguintes palabras, tiradas do prólogo á sétima entrega, en que se sinala que a “necesidad de una reintegración del gallego en su mundo originario se nos aparece más clara” (1979: 12).

Un exemplo ben acaído témolo na formación do plural das palabras oxítonas terminadas en *-l*. A lingua coñece dous resultados: nun, o maioritario na Galiza, correspondente ás faixas central e occidental do país, elimínase a lateral e acrecéntase o alomorfe *-s* (*real*, *reás*); e noutro, coincidente coa variedade portuguesa e propio das rexións orientais, adiciónase o alomorfe de plural *-is* igualmente coa previa eliminación dese *l* (*real*, *reais*). No seguinte cadro podemos reparar como na primeira edición se opta pola solución centro-occidental, ao paso que na derradeira se escolle como norma o resultado oriental, que é o que se mantén a día de hoxe como propio da variedade estandarizada:

Edición de 1966 (91)	Edición de 1979 (166)
Si el singular termina en <i>l</i> , ese fonema se sustituye por <i>s</i> :	Si el singular termina en <i>l</i> , ese fonema se sustituye por <i>is</i> :
<i>feal</i> [...] <i>feás</i> [...]	<i>animal</i> [...] <i>animais</i> [...]
<i>mantel</i> [...] <i>mantés</i> [...]	<i>papel</i> [...] <i>papeis</i> [...]
<i>cadril</i> [...] <i>cadris</i> [...]	<i>cadril</i> [...] <i>cadris</i> [...]
<i>baúl</i> [...] <i>baús</i> [...]	<i>perol</i> [...] <i>perois</i> [...]
	<i>azul</i> [...] <i>azuis</i> [...]

¹¹ Observemos como no caso do Compendio de Mirás, por exemplo, o seu título fala xa de si propio e indica o que se inclúe na obra: *Compendio de gramática gallega-castellana*, con un vocabulario de nomes e versos gallegos e su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes temas. Un grandioso poema de 100 octavas titulado “La creación y la redención. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor. Pouco de compendio gramatical ten este traballo a repararmos en que o contido estritamente lingüístico ocupa ben poucas páxinas, xa que logo figura o antedito e minúsculo vocabulario (páxs. 39-50), seguido dunha listaxe de verbos traducidos ao español (páxs. 51-56) e concluído cunha sorte de diálogos de marcado carácter colonialista, alén doutras composicións literarias de escasa valía artística. Até Saco Arce non foi alleo á incorporación de aditamentos á súa gramática, aínda que esta sexa, en rigor, a primeira obra realizada con seriedade sobre a nosa lingua. Deste modo, no apartado dos “Apéndices” (Saco Arce 1868: 261-313) figuran unha selección de refráns galegos e unha serie de textos literarios dos autores da altura, tales como Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Alberto Camino, Xoán Manuel Pintos, Marcial Valladares etc. Citemos un outro exemplo xa do século XX: Manuel Lugrís Freire non dubidou en incorporar á súa *Gramática do idioma galego* unha serie de “Aditamentos” (1931: 113-120) dedicados á toponimia e antroponimia, unhas “Mostras literarias” (1931: 121-136) con textos de Florencio Vaamonde Lores, Euxenio Carré Aldao, Manuel Murguía, Castelao, Eduardo Pondal etc., e mesmo un “Vocabulario galego-castelán” (1931: 137-184).

¹² Sinala Montero Santalha (2000: 12) que especialmente “nos últimos quinze anos da súa vida, quando as circunstancias socio-políticas infundirom mais urxencia ao problema, non se cansou de repetir, perante a incompreensión e mesmo hostilidade de moitos, que só nesse proceso reintegrador pode existir un futuro que reabilite a antiga vitalidade do noso idioma nativo. Non se cansou de afirmar una e outra vez, em distintos foros, que o idioma da Galiza non tem, para a súa sobrevivencia, outra alternativa que esta: ou ser galego-portugués (isto é: formar parte plenamente da área lingüística portuguesa) ou ser galego-castelano (isto é: ficar reduzido a um dialecto da língua espanhola, com certas características ocidentais de carácter quase substratístico, como sucede por exemplo com o leonês)”.

Máis un exemplo que resulta acaído expormos aquí é o do sistema dos pronomes demostrativos. Deixando de lado os diversos paradigmas morfolóxicos e cruzamentos destes que se verifican no territorio galego¹³, hai áreas no país en que o pronome invariábel se detecta coa vogal radical <e> (*esto, eso e aquilo*), mais tamén hai amplas zonas en que a vogal mudou para <i> (*isto, iso e aquilo*), o que tamén se produciu no portugués. A primeira edición, a este respecto, mantén as solucións máis antigas, en canto a sétima se decanta polas máis innovadoras, que son, presentemente, as únicas consideradas estándares desde a última revisión da variedade estandarizada vigorante (cfr. NORMAS 2003: 95-96).

Edición de 1966 (p. 122-123)	Edición de 1979 (p. 197)
<i>Este, estes, esta, estas, esto Ese, eses, esa, esas, eso Aquel, aqueles, aquela, aquelas, aquilo</i>	<i>Este, estes, esta, estas, isto Ese, eses, esa, esas, iso Aquel, aqueles, aquela, aquelas, aquilo</i> Actualmente, la lengua literaria prefiere sólo para el neutro las formas con -i: <i>isto, iso, aquilo</i> (1979: 197, n. 35).

Por último, para ilustrarmos esa vontade de reintegración no noso ámbito lingüístico, acae moito ben o que se corrobora co sufixo *-bel*. Actualmente, a lingua oral (aínda que non só) adoptou como común a forma *-ble*, que coincide sospeitosamente coa homóloga española, aínda que tanto *-bel* como *-ble* son normativamente válidas (cfr. NORMAS 2003: 59-60). Pois ben, na edición de 1979 inclúense unhas “Normas morfológicas” ao final do apartado “Las palabras” (p. 264-267), nas cales pode lerse un interesante fragmento sobre tal sufixo e a súa atestación no galego:

El sufijo latino *-BILE*, propio de adjetivos incorporados a la lengua cuando esta ya estaba formada, se resuelve en *-bel*: *estábel, solúbel*. Quedan

con sus formas primitivas aquellos pocos vocablos que nos fueron legados con otras soluciones por la lengua antigua, como *nobre* (1978: 266).

10. CABO

Fica claro, como resulta obvio, que moito máis se podería sinalar sobre a *Gramática elemental del gallego común* de Ricardo Carvalho Calero, labor para o cal sería necesario, talvez, un outro foro e un maior espazo. Foi a nosa vontade nas apresadas páxinas que agora conclúen reflectirmos sobre aqueles aspectos que máis nos chaman a atención desta obra do polifacético escritor e humanista. Chegado o momento, pois, de irmos terminando, queríamos unicamente sinalar un par de cuestións que xa fomos proporcionando nas liñas precedentes. Por unha parte, percíbese nela, como tamén se detecta noutros traballos a respecto do tempo en que foron publicados, unha notoria vontade prescritiva, unha utilización do español como lingua vehicular e con que facer as confrontacións, unhas temáticas máis propias dun manual de lingüística galega do que dunha gramática etc. son algunhas das características, entre outras, que sigularizan o contributo de Carvalho Calero, doadamente entendíbeis a termos en conta a situación social e política da Galiza na altura.

Mais, por outra parte, até nos facendo eco deses trazos que a sinalan particularmente, non se pode negar que a súa *Gramática*, como no século XIX xa acontecera con Saco Arce, foi un texto de referencia para todas aquelas persoas, nomeadamente universitarias (mais non só), que se interesaron polo funcionamento da nosa lingua. Serviu, na súa época, como fundamental pedra sobre a cal asentarse os coñecementos elementares de gramática galega, até que outros traballos posteriores puideron ir actualizando e mellorando o estado da especulación científica sobre ela. Posibelmente, o estado da lingüística galega a día de hoxe non sería o mesmo sen a publicación desta obra, porta de acceso aos estudos gramaticais para unha notábel cantidade de xeracións universitarias.

¹³ Véxase, a este respecto, o exposto en Sánchez Rei (2002: 111-165) no referente aos diferentes paradigmas de pronomes demostrativos.

11. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ÁLVAREZ, R. / REGUEIRA, X. L. / MONTEAGUDO, H. (1986): *Gramática galega*, Vigo: Galaxia.
- ÁLVAREZ, R. / XOVE, X. (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- BLANCO, C. (1989): *Conversas con Carvalho Calero*. Vigo: Galaxia.
- CARBALLO CALERO, R. (1979) [1966]: *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia. A cuarta edición é de 1970.
- (1981) [1963]: *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*. Vigo: Galaxia.
- CARRÉ ALVARELLOS, L. (1967): *Gramática gallega*. A Cruña: Editorial Moret.
- COSTA, X. X. / GONZÁLEZ, M. A. / MORÁN, C. C. / RÁBADE, X. C. (1988): *Nova gramática para aprendizaxe da lingua*. A Coruña: Vía Láctea.
- COUCEIRO FREIXOMIL, A. (1935): *El idioma gallego. Historia, gramática, literatura*. Barcelona: Casa Editorial Alberto Martín.
- CUVEIRO PIÑOL, J. (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes*. Pontevedra: Imprenta de José Antúnez y Cía.
- CHAMBERS, J. K. / TRUDGILL, P. (1994): *La Dialectología*. Madrid: Visor Libros.
- FEIXÓ CID, X. (2004): *Gramática da lingua galega. Síntese práctica*. Vigo: Xerais.
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2006a) [1998, 1999, 2000, 2003]: *Gramática da lingua galega*. Vol. I: *Fonética e Fonoloxía*. Vol. III: *Semántica*. Vol. II: *Morfosintaxe*. Vol. IV: *Gramática do texto*. Vigo: A Nosa Terra.
- (2006b) [2001]: *Manual de gramática da lingua galega*. Vigo: A Nosa Terra.
- FREIXEIRO MATO, X. R. / SÁNCHEZ REI, X. M. / SANMARTÍN REI, G. (2005): *A lingua literaria galega no século XIX*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- GARCÍA DE DIEGO, V. (1984) [1909]: *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)*. Anexo 23 de *Verba*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- HENRÍQUEZ SALIDO, M. C. (coord.) (1992): *Actas do III.º Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza. Em Homenagem ao Professor Carvalho Calero*. A Coruña: AGAL.
- HERMIDA, C. (2004): *Gramática práctica da lingua galega (Morfosintaxe)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- ILG [INSTITUTO DA LINGUA GALEGA] (1995): *Atlas lingüístico galego*. Vol. II. *Morfología non verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- LÓPEZ, T. / SALINAS PORTUGAL, F. (eds.) (2002): *Actas do Simposio Carvalho Calero: memoria do século*. A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña / Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
- MARIÑO PAZ, R. (2002): “A obra lingüística de Carvalho Calero”, en Teresa López e Francisco Salinas Portugal (eds.) *Actas do Simposio Carvalho Calero: memoria do século*, A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña / Asociación Socio-Pedagóxica Galega, p. 67-106.
- MIRÁS, F. (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y versos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes temas. Un grandioso poema de 100 octavas titulado “La creación y la redención. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor*. Santiago de Compostela: Imprenta del Seminario Conciliar Central.
- MONTERO SANTALHA, J.-M. (1993): *Carvalho Calero e a sua obra*, Santiago de Compostela: Laiovento.
- (2000): “Os estudos lingüísticos de Carvalho Calero”, en Laura Tato Fontañá (coord.), *Cadernos de Medulio, Ano 2000. Homenaxe a Carvalho Calero*. Ferrol: Concello de Ferrol, p. 7-14.
- NORMAS = (2003) [1982]: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña Santiago de Compostela: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- PEDREIRA, L. (1912) [na portada 1913]: *Descripción de España. Nociones elementales de Geografía Nacional*. A Coruña: Zincke Hermanos.
- R. A. [RAMÓN ALVARÍO, pseudónimo de LEANDRO CARRÉ ALVARELLOS] (1919): *Compendio de gramática galega*, A Cruña: Imprenta Nova.
- RODRÍGUEZ, J. L. (2000): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, 2 vols., Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

- SACO ARCE, J. A. (1868): *Gramática Gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- SÁNCHEZ REI, X. M. (2002): *Os pronomes demostrativos: do latín ao galego contemporáneo*. Monografía 1 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña.
- (2005): “Trazos xerais da tradición gramatical galega”, *Revista Galega de Filoloxía*, 6, p. 93-121.
- SANTIAGO GÓMEZ, J. DE (1918): *Filología de la lengua gallega*. Santiago de Compostela: Tipografía de El Eco Franciscano.
- TATO FONTAÍÑA, L. (coord.): *Cadernos de Medulio, Ano 2000. Homenaxe a Carvalho Calero*. Ferrol: Concello de Ferrol
- VALLADARES, M. (1970) [redixida en 1892]: *Elementos de gramática gallega*, Vigo: Galaxia.
- VV.AA. (1991): *Carvalho Calero: a razón da esperanza*, Vigo: A Nosa Terra.
- ZAMORA VICENTE, A. (1986): *Estudios de dialectología hispánica*. Anexo 25 de *Verba*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.